



sendares

*Ares Descubre* é unha iniciativa que ten como finalidade a posta en valor do patrimonio ao mar. A través destes itinerarios autoguiados, locais e visitantes poden coñecer algúns dos oficios do mar ademais dos paraxes e paisaxes que conforman a memoria mariñeira do territorio de Ares.

Os percorridos son circulares, un urbano e tres no litoral, e poden realizarse camiñando ou en BTT, facéndoos accesibles a un maior número de persoas.



@concellodeares



Concello de Ares



@ConcellodeAres



[www.concellodeares.gal](http://www.concellodeares.gal)

O proxecto *Ares Descubre* é unha proposta turística impulsada polo Concello de Ares. Esta é posible grazas ao apoio económico do GALP Golfo Ártabro Norte e do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)



sendares

**SENDERISMO E BTT**

Descubre o patrimonio mariñeiro  
e a contorna litoral de Ares





QR WIKILOCO



Protagonistas  
RUTA 3



Protagonistas  
RUTA 4



## RUTA 1 ARES - CASTRO DE SANTA MARIÑA

Esta ruta circular que parte do Petelo, xunto ao Club de remo de Ares, ofrece un percorrido costeiro para descubrir as calas, illotes, cantís e bosques litorais que forman parte do gran patrimonio natural do territorio de Ares. Na parte final deste traxecto poderás observar parte do legado da arquitectura indiana que se conserva no núcleo urbano de Ares.

- Distancia:** 9km
- Dificultade:** Moderada
- Punto de inicio:** O Petelo, xunto ao Club de remo de Ares
- Punto final:** Alianza Aresana
- Patrimonio:** Inmaterial, paisaxístico, xeolóxico e biolóxico

## RUTA 2 CERVÁS - CHANTEIRO - CERVÁS

Este percorrido transcorre integramente pola parroquia de Cervás. O seu cemiterio é o punto de partida e chegada desta ruta circular que bordea a Punta Coitelada. Os xistos, lousas e cuarcitas deixan paso aos paisaxes graníticos e acompañan á panorámica, que en días despxaxados, pode chegar á costa de Malpica e ás illas Sisargas. O areal de Chanteiro ou a Ermida da Mercé son outros dos puntos do patrimonio aresán a destacar neste percorrido.

- Distancia:** 10km
- Dificultade:** Moderada
- Punto de inicio e fin:** Cemiterio de Cervás
- Patrimonio:** Inmaterial, paisaxístico, xeolóxico e biolóxico

## RUTA 3 RIBEIRAS DE ARES

Descubrir as ribeiras desta parte da costa de Cervás é rememorar a vida e costumes de moitos aresáns. Desde o Centro Cultural de Outeiro parta este paseo para todos os públicos. Coñecer detidamente algúns dos puntos das ribeiras onde as xentes do lugar pasan gran parte dos seus momentos é o seu obxectivo. Pescar, mergullarse, baixar aos cantís, bañarse nas calas de cantos rodados ou buscar cuarzo son recordos que forxan a memoria de moitos veciños deste lugar.

- Distancia:** 6,7km
- Dificultade:** Baixa
- Punto de inicio e fin:** Centro cultural de Outeiro (Chanteiro)
- Patrimonio:** Inmaterial, paisaxístico, xeolóxico e biolóxico

## RUTA 4 PORTO DE REDES

Entre punta Mourón e a praia do río Sandeo avistábanse antigamente unhas aparatosas estruturas con decenas de redes colgadas a serar. Esta postal costumista derivou en que este lugar fose bautizado co nome de Porto de Redes, na parroquia de Caamouco. Coñecer Redes e parte da súa contorna litoral é coñecer a cultura mariñeira dun pobo entregado ao mar. Actualmente a pesca desapareceu por completo, pero non a memoria do que foi este núcleo mariñeiro.

- Distancia:** 5,5km
- Dificultade:** Baixa
- Punto de inicio e fin:** Aparcadoro do Club de tenis de Redes
- Patrimonio:** Inmaterial, paisaxístico, xeolóxico e biolóxico